



Resolución do 7 de outubro de 2024 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios recollidos na Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IN421S).

Mediante a Resolución do Inega do 7 de marzo de 2024 que foi publicada no DOG número 56, do 19 de marzo de 2024, establecéronse as bases reguladoras e se anunciou a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica.

Rematado o prazo para presentar solicitude, o 19 de abril de 2024, e visto que nos epígrafes correspondentes a administración local e entidades sen ánimo de lucro o crédito era insuficiente e no epígrafe correspondente a empresas non se rexistraron solicitudes suficientes, o Inega por medio de Resolución do 2 de agosto de 2024 solicitou unha redistribución dos fondos, en función do volume de solicitudes recibido, modificando a táboa do artigo 3.1 da Resolución do 7 de marzo do 2024, quedando esta do seguinte xeito:

	2024	2025	TOTAL
Empresas	1.800.000	1.600.000	3.400.000
Administración Local	160.000	1.490.000	1.650.000
Entidades sen ánimo de lucro	40.000	434.800	474.800
TOTAL	2.000.000	3.524.800	5.524.800

O artigo 31 do Decreto 11/2009, establece que cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Debido a que nos meses de xullo e agosto se recibiron numerosas solicitudes de modificación da data estimada de execución do proxecto por parte varias empresas, motivo polo cal se reducen significativamente os orzamentos previstos para a





anualidade 2024 e dado que a convocatoria non esta resolta, que na aplicación orzamentaria correspondente existe crédito dispoñible e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recurso públicos, maximizando o impulso de proxectos de enerxía fotovoltaica.

RESOLVO:

Primeiro. Redistribuír por anualidades os fondos destinados ás subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica para as anualidades 2024-2025 modificando a táboa do artigo 3.1 da Resolución do 7 de marzo do 2021 do seguinte xeito:

- Dotación orzamentaria Inicial

	2024	2025	TOTAL
Empresas	1.800.000	1.600.000	3.400.000
administración Local	160.000	1.490.000	1.650.000
Entidades sen ánimo de lucro	40.000	434.800	474.800
TOTAL	2.000.000	3.524.800	5.524.800

- Dotación orzamentaria final:

	2024	2025	TOTAL
Empresas	800.000	2.600.000	3.400.000
Administración Local	160.000	1.490.000	1.650.000
Entidades sen ánimo de lucro	40.000	434.800	474.800
TOTAL	1.000.000	4.524.800	5.524.800

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no Diario Oficial de Galicia, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2024

Pablo Fernández Vila
Director do Instituto Enerxético de Galicia

